

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de abril de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira

D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e oito minutos do día sete de abril de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(500).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(501).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE, UTILIZANDO BONO-TAXI, ANO 2009. EXPTE. 39861/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse c otna do informe-proposta da técnica Responsable do Programa de 31.03.09, conformado polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada da Área de Benestar Social e o interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión de data 23 de febreiro de 2009 aprobou as bases reguladoras e convocatoria de subvencións para “bono-taxi” ano 2009.

Ao mesmo tempo a Xunta de Goberno Local aprobou o texto do convenio de colaboración cunha entidade bancaria para a xestión das axudas.

A fin de dar cumprimento ao acordo da Xunta de Goberno Local no relativo ao establecemento de convenio de colaboración cunha entidade bancaria, e tendo en conta que a entidade Caixa Galicia ofertou unhas boas condicións para o desenvolvemento da xestión destas axudas e que, a maiores, ten instalados os Terminais Puntos de Venta (TPV) en tódolos taxis da cidade, proponse a entidade Caixa Galicia como colaboradora na xestión das axudas de Bono-taxi para o ano 2009. A entidade bancaria Caixa Galicia coñece e acepta o convenio marco de colaboración aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23 /02/09.

O convenio na súa cláusula 4ª establece., compensacións económicas para a entidade colaboradora polas comisións inherentes ás altas ou duplicados das tarxetas; estes gastos cargaranse pola entidade bancaria na conta corrente aberta ao efecto e que se establece nunha contía máxima de 4.200 euros. Esta cantidade será aboada a Caixa Galicia contra a presentación dos extractos bancarios nos que conste claramente o concepto de cargo e o importe cargado.

Polo anteriormente exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º Nomear á entidade Caixa Galicia como entidade bancaria colaboradora na xestión das axudas de Bono-taxi para o ano 2009.

2º. Autorizar o gasto de 4.200 € a favor de Caixa Galicia, Cif. G15028947, con domicilio social na rúa Nueva, 30-32 (15003 A Coruña), con cargo á partida de Benestar Social 3130.2270600 –Estudios e traballos técnicos-, contra a que se imputarán os gastos de emisión e comisión das tarxetas vis-a-prepago que entreguen a cada beneficiario da subvención.

Non obstante esa Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.